

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

18191 *ORDE EHA/3020/2007, do 11 de outubro, pola que se aproba o modelo 190 para a declaración do resumo anual de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de rendas, os deseños físicos e lóxicos a que se deben axustar os soportes directamente lexibles por ordenador, se determinan o lugar e a forma de presentación daquel, e se modifica a Orde EHA/30/2007, do 16 de xaneiro, pola que se aproban os modelos 110 e 111 de declaración-documento de ingreso de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda. («BOE» 250, do 18-10-2007.)*

A Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, introduciu no ámbito das retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas dous novos supostos de rendas suxeitas a estas modalidades de pagamentos á conta. O primeiro contense na letra d) do número 5 do seu artigo 101, que incorpora, dentro dos rendementos derivados de actividades económicas suxeitos a retención ou ingreso á conta, os procedentes de actividades empresariais que determinen o seu rendemento neto polo método de estimación obxectiva, nos supostos e condicións que regulamentariamente se establezan. O outro novo suposto de rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta concrétese no terceiro parágrafo do artigo 101.6 da citada lei, en que se declaran suxeitas ao tipo de retención ou ingreso á conta do 18 por 100 as ganancias patrimoniais derivadas dos aproveitamentos forestais dos veciños en montes públicos que regulamentariamente se establezan.

O Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo artigo único de Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, desenvolve as previsións legais das novas obrigas de reter ou ingresar á conta. Así, en relación cos rendementos derivados de actividades empresariais cuxo rendemento neto se determine no método de estimación obxectiva, o artigo 95.6.2.º do citado regulamento especifica e detalla cada unha das

actividades económicas cuxos rendementos quedan suxeitos a retención ou ingreso á conta. Polo que respecta ás ganancias patrimoniais derivadas dos aproveitamentos forestais dos veciños en montes públicos, os artigos 99.2 e 105.2 do citado regulamento recollen, respectivamente, as retencións e ingresos á conta que se deberán practicar sobre estas rendas.

A marxe destas novidades, a regulación das obrigas formais e materiais do retedor e do obrigado a ingresar á conta relativas á declaración e ingreso periódico das cantidades retidas ou dos ingresos á conta que correspondan polo período que é obxecto de declaración, así como á declaración-resumo anual das retencións ou ingresos á conta efectuados no exercicio a que se refiren, respectivamente, os números 1 e 2 do artigo 108 do Regulamento do imposto, non contén modificación ningunha respecto das establecidas na normativa anterior.

A incorporación dos comentados novos supostos de rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta aos modelos mediante os cales se debe efectuar periodicamente a declaración e ingreso das cantidades retidas e ingresos á conta que correspondan sobre estas categorías de renda efectuouse mediante a Orde EHA/30/2007, do 16 de xaneiro, pola que se aproban os modelos 110 e 111 de declaración-documento de ingreso de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda.

Débese, pois, proceder, nos termos anteriormente comentados, á aprobación dun novo modelo de declaración-resumo anual das retencións e ingresos á conta efectuados, modelo 190, en substitución do aprobado pola Orde HAC/2116/2003, do 22 de xullo, pola que se aproban o modelo 190 para o resumo anual de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do traballo, de determinadas actividades económicas, premios e determinadas imputacións de renda, os deseños físicos e lóxicos para a substitución das follas interiores do devandito modelo por soportes directamente lexibles por ordenador, se establecen as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación telemática pola internet e se modifican as normas de presentación de determinados modelos de declaración anual.

En consecuencia, o modelo 190 que se aproba nesta orde incorpora os novos supostos de rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta do seguinte xeito: os datos correspondentes aos rendementos de actividades económicas en estimación obxectiva suxeitos a retención e ingreso á conta inclúense dentro da clave H destinada aos rendementos de actividades económicas, e identifícanse mediante a nova subclave 04; os relativos ás ganancias patrimoniais derivadas dos aproveitamentos forestais dos veciños en montes públicos, pola súa banda, identifícanse mediante a nova subclave 02, dentro da clave K dedicada aos premios e a estas ganancias

patrimoniais. Desta forma foi posible manter na súa integridade no novo modelo 190 o contido dos datos da percepción, a estrutura dos datos adicionais e a relación de claves identificativas das percepcións que se viñeron ata agora utilizando.

Polo que respecta á determinación do lugar e forma de presentación do modelo 190, nesta orde mantense, en termos xerais, a regulación anteriormente vixente, malia que cabe sinalar dúas novidades nesta materia.

En primeiro lugar, suprímese a posibilidade de presentación do modelo 190 mediante soporte colectivo directamente lexible por ordenador, dada a escasa utilización desta vía polos obrigados tributarios nos últimos exercicios.

En segundo lugar, facendo uso da facultade xenérica de establecer a obrigatoriedade de se comunicar coas administracións públicas utilizando só medios electrónicos cando os interesados se correspondan con persoas xurídicas, tal e como dispón o artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e tendo en conta a experiencia adquirida, tanto pola Administración tributaria como polos obrigados tributarios, na aplicación do procedemento de presentación por vía telemática das declaracións, así como as vantaxes que derivan da utilización dos medios electrónicos, nesta orde esténdese a obrigatoriedade de presentación telemática pola internet ás declaracións do resumo anual de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas, modelo 190, correspondentes a obrigados tributarios que sexan persoas xurídicas e teñan a forma de sociedade anónima ou sociedade de responsabilidade limitada.

Ademais das novidades sinaladas, o modelo 190 aprobado nesta orde caracterízase por non incorporar os datos relativos ao domicilio do declarante nin na folla-resumo nin no sobre de retorno. A razón desta supresión radica en que estes modelos carecen de transcendencia censual e que non constitúen canle procedemental idónea para lle comunicar á Administración tributaria nin o domicilio fiscal nin os cambios efectuados neste; circunstancias estas que deben comunicar os obrigados a efectuar pagamentos á conta mediante o modelo 036, aprobado pola Orde EHA/1274/2007, do 26 de abril.

A modificación da Orde EHA/30/2007, do 16 de xaneiro, pola que se aproban os modelos 110 e 111 de declaración-documento de ingreso de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda, limitase a explicitar que, cando a entidade pagadora sexa a Administración xeral do Estado, a retención e o ingreso se efectuasen de forma directa e o pagamento se realizase a través de habilitacións ou caixas pagadoras, o modelo 111 deberá ser utilizado por estas, exclusivamente, para efectuar a declaración das cantidades retidas e dos ingresos á conta efectuados correspondentes a cada mes.

Finalmente, esta orde fundaméntase na habilitación contida no artigo 108.5 do Regulamento do imposto, a teor do cal as declaracións das retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas efectuadas se realizarán nos modelos que para cada clase de rendas estableza o ministro de Economía e Facenda, quen, así mesmo, poderá determinar os datos que se deben incluír nestas. A comentada habilitación regulamentaria complétase no parágrafo segundo do citado punto, no cal se establece que a declaración e ingreso se efectuarán na forma e lugar que determine o ministro de Economía e Facenda, quen poderá establecer os supostos e condicións de presentación das devanditas declaracións por medios telemáticos.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Aprobación do modelo 190.*

1. Apróbase o modelo 190 «Retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas. Rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda. Resumo anual». O devandito modelo, que figura como anexo I desta orde, componse dos seguintes documentos:

- a) Folla-resumo, que comprende dous exemplares, un para a Administración e outro para o interesado.
- b) Folla interior de relación nominativa de perceptores, que consta, así mesmo, de dous exemplares, un para a Administración e outro para o interesado.
- c) Sobre de retorno.

O número de xustificante que deberá figurar no devandito modelo será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se corresponderán co código 190.

2. Serán igualmente válidas as declaracións que, axustándose aos contidos do modelo aprobado nesta orde, se realicen co módulo de impresión en papel branco que, se é o caso, e para estes efectos, elabore a Axencia Estatal de Administración Tributaria. Para estas declaracións deberase utilizar o sobre de retorno «Programa de axuda», aprobado na Orde EHA/702/2006, do 9 de marzo, pola que se aproban os modelos de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre o patrimonio, exercicio 2005, se establecen o procedemento de remisión do borrador de declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e as condicións para a súa confirmación ou subscripción, se determinan o lugar, a forma e os prazos de presentación daqueles, así como as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación por medios telemáticos ou telefónicos.

Os datos impresos nestas declaracións prevalecerán sobre as alteracións ou correccións manuais que se puidesen producir sobre eles, polo que estas non producirán efectos ante a Administración tributaria.

Artigo 2. *Obrigados a presentar o modelo 190.*

1. O modelo 190 deberá ser utilizado polas persoas físicas, xurídicas e demais entidades, incluídas as administracións públicas, que, estando obrigadas a reter ou a ingresar á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas conforme o establecido no artigo 76 do Regulamento do devandito imposto, aprobado polo artigo único do Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de plans e fondo de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, satisfagan ou aboan algunha das seguintes rendas, incluídas as exentas do imposto:

a) Rendementos do traballo, incluídas as axudas de custo e asignacións para gastos de viaxe exceptuadas de gravame.

b) Rendementos que sexan contraprestación das seguintes actividades económicas:

1.^a Actividades profesionais a que se refiren os números 1 e 2 de artigo 95 do Regulamento do imposto.

2.^a Actividades agrícolas ou gandeiras nos termos sinalados no número 4 do artigo 95 do Regulamento do imposto.

3.^a Actividades forestais a que se refire o número 5 do artigo 95 do Regulamento do imposto.

4.^a Actividades económicas cuxos rendementos netos se determinen conforme o método de estimación obxectiva previstas no número 2.^o do punto 6 do artigo 95 do Regulamento do imposto.

c) Rendementos procedentes da propiedade intelectual, industrial, da prestación de asistencia técnica, do arrendamento de bens mobles, negocios ou minas, do subarrendamento sobre os bens anteriores e dos procedentes da cesión do dereito á explotación do dereito de imaxe a que se refire o artigo 75.2.b) do Regulamento do imposto, cando proveñan de actividades económicas.

d) Contraprestacións satisfeitas en metálico ou en especie a persoas ou entidades non-residentes nos supostos previstos no artigo 92.8 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.

e) Premios que se entreguen como consecuencia da participación en xogos, concursos, rifas ou combinacións aleatorias, a que se refire o artigo 75.2, c) do Regulamento do imposto, con independencia da súa cualificación fiscal.

f) Ganancias patrimoniais derivadas dos aproveitamentos forestais dos veciños en montes públicos a que se refire a mensión final do artigo 75.1, d) do Regulamento do imposto.

2. Non obstante o disposto no número anterior, tratándose de bolsas exentas en virtude do disposto nos artigos 7.j) da lei e 2 do regulamento, ambos os dous do imposto, non se incluírán no modelo 190 aquelas cuxa contía sexa inferior a 3.000 euros anuais.

Artigo 3. *Formas de presentación do modelo 190.*

A declaración-resumo anual de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas, modelo 190, presentárase conforme os criterios que a continuación se especifican:

1.º As declaracións que correspondan a obrigados tributarios persoas xurídicas que teñan a forma de sociedades anónimas ou sociedades de responsabilidade limitada ou a obrigados tributarios adscritos á Delegación Central de Grandes Contribuíntes ou a algunha das unidades de xestión de grandes empresas da Axencia Estatal de Administración Tributaria e que non conteñan máis de 49.999 rexistros de percepcións, deberán presentarse por vía telemática a través da internet, conforme o establecido nos artigos 9, 10 e 11 desta orde, ou ben por teleproceso, conforme o procedemento a que se refire o artigo 12 desta orde.

2.º As declaracións que correspondan a obrigados tributarios non incluídos no número 1.º anterior e que non conteñan máis de 49.999 rexistros de percepcións deberán presentarse, á elección do obrigado tributario, a través dalgún dos seguintes medios:

a) En impreso, sempre que a declaración non conteña máis de 15 rexistros de percepcións. En tal caso, a declaración poderase presentar tanto no formulario axustado ao modelo 190 aprobado no artigo 1 desta orde, como nun impreso xerado mediante a utilización, exclusivamente, do módulo de impresión desenvolvido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

b) Por vía telemática a través da internet, consonte o establecido nos artigos 9, 10 e 11 desta orde.

c) Por vía telemática por teleproceso, conforme o procedemento a que se refire o artigo 12 desta orde.

3.º As declaracións que conteñan máis de 49.999 rexistros de percepcións, calquera que sexa a persoa ou entidade obrigada á súa presentación, deberán presentarse por vía telemática por teleproceso, conforme o procedemento a que se refire o artigo 12 desta orde, ou en soporte directamente lexible por ordenador, consonte o establecido nos artigos 7 e 8 desta orde.

Os soportes directamente lexibles por ordenador, que terán que ser exclusivamente individuais, deberán cumprir as seguintes características:

- Tipo: CD-R (Compact Disc Recordable) de 12 cm.
- Capacidade: ata 700 MB.
- Formato ISO/IEC DIS 9660:1999, con extensión ou sen extensión Joliet.
- Non multisesión.

Artigo 4. *Aprobación dos deseños físicos e lóxicos a que se deben axustar os soportes directamente lexibles por ordenador do modelo 190.*

Apróbanse os deseños físicos a que se deberán axustar os soportes directamente lexibles por ordenador, así como os deseños lóxicos a que se deberán axustar os ficheiros que conteñan a información para subministrar no modelo 190 tanto no suposto de presentación deste mediante soporte directamente lexible por ordenador como por vía telemática. Ambos os dous deseños, físicos e lóxicos, figuran no anexo II desta orde.

En todo caso, a información contida no soporte directamente lexible por ordenador deberá ser validada con carácter previo á súa presentación. Esta validación realizarase utilizando o programa de validación elaborado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, salvo que, por razóns técnicas obxectivas, non resulte posible; neste caso a validación deberase realizar en calquera delegación da mencionada axencia ou tamén en calquera das administracións dependentes desta. No suposto de obrigados tributarios adscritos á Delegación Central de Grandes Contribuíntes ou a algunha das unidades de xestión de grandes empresas da Axencia Estatal de Administración Tributaria aos cales, así mesmo por razóns técnicas obxectivas, non lles resulte posible utilizar o programa de validación elaborado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, a mencionada validación poderase tamén realizar na correspondente delegación central ou unidade de xestión.

Non obstante o anterior, cando o soporte directamente lexible por ordenador sexa xerado mediante o programa de axuda elaborado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, non será preciso efectuar a mencionada validación previa.

Artigo 5. *Prazo de presentación do modelo 190.*

De acordo co disposto no artigo 108.2 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, a presentación do resumo anual de retencións e ingresos á conta, modelo 190, realizarase nos primeiros vinte días naturais do mes de xaneiro de cada ano, en relación coas cantidades retidas e os ingresos á conta que correspondan ao ano inmediato anterior.

Non obstante, no caso de que o resumo anual de retencións e ingresos á conta, modelo 190, se presente en soporte directamente lexible por ordenador ou fose xerado mediante a utilización, exclusivamente, dos correspondentes módulos de impresión desenvolvidos, para estes efectos, pola Administración tributaria, o prazo de presentación será o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de xaneiro do ano seguinte a aquel a que corresponde o resumo anual. Para estes efectos, entenderase que a presentación telemática da declaración resumo anual de retencións e ingresos á conta, modelo 190, ten a consideración de presentación en soporte directamente lexible por ordenador.

Todo iso sen prexuízo do disposto no número 3 do artigo 10 e no número 2 do artigo 12 desta orde.

Artigo 6. Lugar e procedemento de presentación do modelo 190 en impreso.

1. A presentación do resumo anual de retencións e ingresos á conta, modelo 190, tanto no impreso aprobado no anexo I desta orde como no xerado a través do módulo de impresión elaborado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, realizarase na delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do obrigado tributario.

Esta presentación efectuarase ben directamente ben por correo certificado, utilizando o sobre de retorno que corresponda dos que se relacionan no artigo 1 desta orde, no cal se introduciría previamente a seguinte documentación:

a) O «exemplar para a Administración» da folla-resumo do modelo 190, debidamente cuberto, no cal deberá constar adherida no espazo reservado para o efecto a etiqueta identificativa subministrada pola Axencia Estatal de Administración Tributaria. No suposto de non dispoñer da devandita etiqueta, cubrirase a totalidade dos datos de identificación solicitados e xuntarase fotocopia da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal.

b) Os «exemplares para a Administración» das follas interiores que conteñan a relación nominativa de perceptores.

2. Non obstante o anterior, a presentación do modelo 190 en impreso tamén se poderá realizar a través de calquera das entidades colaboradoras sitas en territorio español, conxuntamente coa declaración-documento de ingreso de retencións e ingresos á conta, modelo 110, correspondente ao último período do ano, sempre que esta resulte a ingresar e o devandito ingreso se efectúe na referida entidade.

Efectuado o ingreso do modelo 110 do último período, introducirase no sobre anual a documentación a que se refiren as letras a) e b) do número 1 anterior. Unha vez pechado o devandito sobre, depositarase na mesma entidade colaboradora, que llo fará chegar ao órgano administrativo correspondente.

Artigo 7. Lugar e procedemento de presentación do modelo 190 en soporte directamente lexible por ordenador.

1. O soporte directamente lexible por ordenador deberase presentar na delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria en cuxo ámbito territorial estea situado o domicilio fiscal do reteredor ou obrigado a ingresar á conta, ou ben na Delegación Central de Grandes Contribuíntes ou na Unidade de Xestión de Grandes Empresas da Axencia Estatal de Administración Tributaria, segundo proceda en función da adscripción do obrigado tributario a unha ou outra delegación ou unidade.

Para tal efecto, o obrigado tributario deberá presentar, ademais, os seguintes documentos:

Os dous exemplares, para a Administración e para o interesado, da folla-resumo do modelo 190, en cada un dos cales se deberá adherir, no espazo correspondente, a etiqueta identificativa que subministre a Axencia Estatal de Administración Tributaria. No suposto de non dispoñer das devanditas etiquetas, cubrirase a totalidade dos datos de identificación solicitados e xuntarase fotocopia da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal.

Así mesmo, os ditos exemplares deberán estar debidamente asinados e indicar nos espazos correspondentes a identidade do asinante, así como os restantes datos que na citada folla-resumo se solicitan.

Unha vez selados pola oficina receptora, o declarante retirará o «exemplar para o interesado» da folla-resumo do modelo 190 presentado, que servirá como xustificante da entrega.

2. Todas as recepcións de soportes lexibles por ordenador serán provisionais, como consecuencia do seu proceso e comprobación. Cando non se axusten ao deseño e demais especificacións establecidas nesta orde, ou cando non resulte posible o acceso á información contida neles, requirirase o declarante para que no prazo de dez días hábiles emende os defectos que teña o soporte informático presentado, transcorridos os cales, e de persistir anomalías que lle impidan á Administración tributaria o acceso aos datos exixibles, se terá por non válida a declaración informativa para todos os efectos, circunstancia esta que porá en coñecemento do obrigado tributario de forma motivada.

3. Por razóns de seguranza, os soportes lexibles directamente por ordenador non se devolverán, salvo que se solicite expresamente, caso en que se procederá ao borrado e entrega destes ou outros similares.

Artigo 8. Identificación dos soportes directamente lexibles por ordenador do modelo 190.

O soporte directamente lexible por ordenador deberá ter unha etiqueta adherida no exterior en que se farán constar os datos que se especifican a continuación e, necesariamente, pola mesma orde:

- a) Delegación, Administración ou Unidade de Xestión de Grandes Empresas da Axencia Estatal de Administración Tributaria na cal se efectúe a presentación individual.
- b) Exercicio.
- c) Modelo de presentación: 190.
- d) Número identificativo da folla-resumo que se xunta.
- e) Número de identificación fiscal (NIF) do declarante.
- f) Apelidos e nome, ou razón social, do declarante.
- g) Apelidos e nome da persoa con quen se relacionar.
- h) Teléfono e extensión da devandita persoa.
- i) Número total de rexistros.

Para facer constar os referidos datos, abondará consignar cada un deles precedido da letra que lle corresponda segundo a relación anterior.

No suposto de que o arquivo conste de máis dun soporte directamente lexible por ordenador, todos levarán a súa etiqueta numerada secuencialmente: 1/n, 2/n, etc., sendo «n» o número total de soportes. Na etiqueta do segundo e sucesivos volumes só será necesario consignar os datos indicados nas letras a), b), c), d), e) e f) anteriores.

Artigo 9. Ámbito de aplicación da presentación telemática pola internet do modelo 190.

Nos termos establecidos no artigo 3 desta orde, a presentación do modelo 190 por vía telemática poderá ser efectuada ben polo propio declarante ou ben por un terceiro que actúe na súa representación, de acordo co establecido no Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, polo que se desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios, e na Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio, pola que se establecen os supostos e condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na xestión dos tributos, e se entende esta expresamente á presentación telemática de determinados modelos de declaración e outros documentos tributarios.

Artigo 10. Condicións xerais para a presentación telemática pola internet do modelo 190.

1. Requisitos para a presentación telemática do modelo 190. A presentación telemática do modelo 190 estará suxeita ao cumprimento dos seguintes requisitos:

1.º O declarante deberá dispoñer de número de identificación fiscal (NIF).

2.º O declarante deberá ter instalado no navegador un certificado de usuario X.509.V3 expedido pola Fábrica Nacional da Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, de acordo co procedemento establecido nos anexos III e VI da Orde do 24 de abril de 2000, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática de declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas, ou calquera outro certificado de entre os que están admitidos pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acordo co previsto na Orde HAC/1181/2003, do 12 de maio, pola que se establecen normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións tributarias por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

3.º Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, deberá ter instalado no navegador o seu certificado de usuario X.509.V3 expedido pola Fábrica Nacional da Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, ou calquera outro certificado electrónico admitido nas relacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, nos termos previstos na citada Orde do 12 de maio de 2003.

4.º Para efectuar a presentación telemática da declaración correspondente ao modelo 190, o declarante ou, se é o caso, o presentador autorizado, deberá utilizar previamente un programa de axuda para obter o ficheiro coa declaración que se vai transmitir. Este programa de axuda poderá ser o desenvolvido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria para a declaración correspondente ao modelo 190 ou outro que obteña un ficheiro co mesmo formato.

O contido do devandito ficheiro deberase axustar aos deseños de rexistros de tipo 1 e de tipo 2 establecidos no anexo II desta orde.

Así mesmo, os declarantes que opten por esta modalidade de presentación deberán ter en conta as normas técnicas que se requiren para efectuar a citada presentación e que se encontran recollidas no anexo II da citada Orde do 24 de abril de 2000.

2. Presentación de declaracións con deficiencias de tipo formal. Cando se detecten anomalías de tipo formal na transmisión telemática da declaración, esta circunstancia porase en coñecemento do declarante polo propio sistema mediante as correspondentes mensaxes de erro, para que proceda á súa emenda.

3. Naqueles supostos en que por razóns de carácter técnico non fose posible efectuar a presentación telemática pola internet, no prazo a que se refire o artigo 5 desta orde, a dita presentación poderase efectuar durante os tres días naturais seguintes ao de finalización do mencionado prazo.

Artigo 11. Procedemento para a presentación telemática pola internet do modelo 190.

O procedemento para a presentación telemática da declaración correspondente ao modelo 190 será o seguinte:

a) O declarante porase en comunicación coa Axencia Estatal de Administración Tributaria a través da internet ou de calquera outra vía equivalente que permita a conexión, no enderezo: <http://agenciatributaria.es>, e

seleccionará o modelo de declaración que vai transmitir. A continuación, procederá a transmitir a correspondente declaración coa sinatura electrónica xerada ao seleccionar o certificado electrónico instalado no navegador para tal efecto.

Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada a presentar declaracións en representación de terceiras persoas requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

b) Se a declaración é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle en pantalla os datos do rexistro tipo 1 validados cun código electrónico de 16 caracteres, ademais da data e a hora de presentación.

c) No suposto de que a presentación fose rexeitada, mostraranse en pantalla os datos do rexistro tipo 1 e a descrición dos erros detectados. Neste caso, deberase proceder a emendalos co programa de axuda con que se xerou o ficheiro ou repetindo a presentación se o erro fose orixinado por outro motivo.

d) O presentador deberá imprimir e conservar a declaración aceptada así como o rexistro tipo 1 debidamente validado co correspondente código electrónico.

Artigo 12. Presentación telemática por teleproceso do modelo 190.

1. A presentación telemática por teleproceso do modelo 190 axustarase ao disposto na Orde do 21 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento para a presentación telemática por teleproceso das declaracións correspondentes aos modelos 187, 188, 190, 193, 194, 196, 198, 296, 345 e 347.

2. Naqueles supostos en que por razóns de carácter técnico non fose posible efectuar a presentación telemática por teleproceso da declaración-resumo anual de retencións e ingresos á conta, modelo 190, no prazo a que se refire o artigo 5 desta orde, a dita presentación poderase efectuar durante os tres días naturais seguintes ao de finalización do mencionado prazo.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

A partir da entrada en vigor desta orde, queda derogada a Orde HAC/2116/2003, do 22 de xullo, pola que se aproba o modelo 190 para o resumo anual de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas, sobre rendementos do traballo, de determinadas actividades económicas, premios e determinadas imputacións de renda, os deseños físicos e lóxicos para a substitución das follas interiores do devandito modelo por soportes directamente lexibles por ordenador, se establecen as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación telemática por internet e se modifican as normas de presentación de determinados modelos de declaración anual, agás as disposicións adicionais primeira e segunda daquela.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Orde EHA/30/2007, do 16 de xaneiro, pola que se aproban os modelos 110 e 111 de declaración-documento de ingreso de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda.

1. Modifícase o artigo 7 da Orde EHA/30/2007, do 16 de xaneiro, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7. Obríganos a presentar o modelo 111.

De acordo co establecido no artigo 108.1 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, o modelo 111 deberá ser utilizado para efec-

tuar a declaración e o ingreso a que se refire o citado precepto regulamentario polos seguintes retedores ou obrigados a ingresar á conta:

a) As persoas ou entidades que teñan a consideración de grandes empresas por concorrer algunha das circunstancias a que se refiren os números 1.º e 1.º bis do número 3 do artigo 71 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

b) As entidades que teñan a consideración de administracións públicas, incluída a Seguridade Social, cuxo último orzamento anual aprobado con anterioridade ao inicio de cada exercicio supere a cantidade de 6 millóns de euros.

Non obstante o anterior, cando a entidade pagadora sexa a Administración xeral do Estado, a retención e o ingreso se efectúen de forma directa e o pagamento se realízase a través de habilitacións ou caixas pagadoras, o modelo 111 deberá ser presentado por estas, exclusivamente, para efectuar a declaración das cantidades retidas e dos ingresos á conta efectuados correspondentes a cada mes.»

2. Modifícase o número 1 do artigo 8 da Orde EHA/30/2007, do 16 de xaneiro, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Presentación por vía telemática do modelo 111.*

1. A presentación por vía telemática do modelo 111 polas entidades que teñan a consideración de administracións públicas, incluída a Seguridade Social, cuxo último orzamento anual aprobado con anterioridade ao inicio de cada exercicio supere a cantidade de 6 millóns de euros, realízase de acordo co establecido na Orde HAC/2894/2002, do 8 de novembro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática pola internet da declaración axustada ao modelo 111 que presentarán as administracións públicas, incluída a Seguridade Social.

Non obstante o anterior, a presentación por vía telemática do modelo 111 correspondente á Administración xeral do Estado nos supostos a que se refire a letra b) do artigo 7 desta orde non precisará a obtención do NRC que subministra a entidade colaboradora ao contabilizar o importe do ingreso resultante da declaración.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e afectará, por primeira vez, a declaración-resumo anual de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas, modelo 190, correspondente ao exercicio 2007 e seguintes, así como a declaración mensual de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas, modelo 111, correspondente ao mes de xaneiro de 2008 e seguintes, que deban presentar as habilitacións e caixas pagadoras da Administración xeral do Estado cando a retención e o ingreso se efectúen de forma directa.

Madrid, 11 de outubro de 2007.–O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

(Nota: os anexos a que alude esta orde poden consultarse en castelán, no BOE núm. 250, do 18 de outubro de 2007.)

18192 *ORDE EHA/3021/2007, do 11 de outubro, pola que se aproba o modelo 182 de declaración informativa de donativos, doazóns e achegas recibidas e disposicións realizadas, así como os deseños físicos e lóxicos para a substitución das follas interiores do devandito modelo por soportes directamente lexibles por ordenador e se establecen as condicións e o procedemento para a súa presentación telemática a través da internet, e se modifican os modelos de declaración 184, 187, 188, 193 normal e simplificado, 194, 196, 198, 215 e 345. («BOE» 250, do 18-10-2007.)*

A Orde HAC/3219/2003, do 14 de novembro, aprobou o modelo 182 de declaración informativa de donativos, doazóns e achegas recibidas, así como os deseños físicos e lóxicos para a substitución das follas interiores do devandito modelo por soportes directamente lexibles por ordenador, e estableceu as condicións e o procedemento para a súa presentación telemática a través da internet.

Recentemente aprobáronse distintas disposicións normativas que establecen novas obrigas de información relativas ao patrimonio de persoas con discapacidade.

Concretamente, o artigo 104.5 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, establece a obriga de subministración de información dos contribuíntes deste imposto que sexan titulares do patrimonio protexido regulado na Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade, de presentar unha declaración na cal se indique a composición do patrimonio, as achegas recibidas e as disposicións realizadas durante o período impositivo, nos termos que regulamentariamente se establezan.

O desenvolvemento regulamentario do precepto anterior recóllese no artigo 71 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas aprobado mediante o Real decreto 439/2007, do 30 de marzo. Neste artigo establécese a obriga dos titulares destes patrimonios protexidos e, caso de incapacidade daqueles, dos administradores deses patrimonios, de remitir unha declaración informativa sobre as achegas recibidas e as disposicións realizadas durante cada ano natural na cal, ademais dos seus datos de identificación, farán constar o nome, os apelidos e a identificación fiscal tanto dos que achegan como dos beneficiarios das disposicións realizadas, o tipo, importe e identificación das achegas recibidas así como das disposicións realizadas. A presentación desta declaración informativa realízase dentro do mes de xaneiro de cada ano, en relación coas achegas e disposicións realizadas no ano inmedia to anterior. Así mesmo, establécese que a primeira declaración informativa que se presente deberá ir acompañada de copia simple da escritura pública de constitución do patrimonio protexido na cal figure a relación de bens e dereitos que inicialmente o constituíron, así como da relación detallada das achegas recibidas e das disposicións realizadas desde a data de constitución do patrimonio protexido ata a da presentación desta primeira declaración. O propio artigo 71 mencionado atribúelle ao ministro de Economía e Facenda a competencia para establecer o modelo, a forma e o lugar de presentación da declaración informativa a que se refire este artigo, así como os supostos en que deberá presentarse en soporte lexible por ordenador ou por medios telemáticos.

Co fin de evitar a creación de novos modelos de declaracións informativas e tendo en conta a natureza